



23 DE MARZO DO 2026

DÍA NACIONAL DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL E A CORRESPONSABILIDADE NA ASUNCIÓN DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES

Gabinete de Igualdade do Sindicato Nacional de CC OO

Durante todo o ano, e en especial arredor desta data, instamos os delegados e delegadas e a nosa afiliación a defender canda nós unha transformación profunda e estrutural dos valores sociais que sustentan a inxusta e discriminatoria división sexual do traballo, insistindo na súa substitución por unha ética colectiva do coidado, en igualdade e corresponsabilidade.

Porque non hai conciliación sen corresponsabilidade!

Se **conciliar** é compatibilizar o laboral (o traballo remunerado) coa vida persoal e familiar, incluíndo as necesidades familiares e individuais (coidado á dependencia ou de menores, tarefas do fogar e xestión do ocio, entre outras), a **corresponsabilidade** defínese como a responsabilidade compartida desas tarefas do fogar e dos coidados polos membros do núcleo familiar, pero tamén polas Administracións públicas, as empresas e a sociedade en xeral. Apela en particular aos homes xa que, por tradición e roles de xénero, o coidado adoita recaer sobre as mulleres nunha moi elevada porcentaxe. De feito, a fenda nos coidados en 2025 ascendía en Galicia a máis do 73 %.¹

Isto significa que esa tradición social canga os coidados de persoas dependentes e maiores sobre as mulleres do fogar (fillas, noras ou netas) e, por un lado, interponse no necesario proceso de profesionalización e visibilización do sector, freando o seu crecemento; por outro, discrimina esas mulleres que para coidar os familiares dependentes deberán renunciar ás súas propias carreiras profesionais e a un emprego remunerado, coa consecuente mingua da capacidade económica presente e futura. Eses coidados

¹ Esta fenda calcúlase sumando ás persoas en excedencia por coidados aquelas que se atopan en situación de inactividade por mor deses coidados, comparando o dato masculino co feminino.

Co financiamento de:



dispensados de forma «obligatoria» e gratuíta polas mulleres teñen como consecuencia que non coticen o mínimo para acadar unha pensión contributiva. Isto tradúcese nunha medra exponencial da fenda salarial nas pensións (no 2026 ascendeu entre os e as pensionistas galegas ao 49 %).

Desde CCOO, levamos moito tempo avogando por regulamentacións que contribúan a fomentar un exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral. Nos últimos anos, esta loita materializouse na ampliación dos distintos permisos retribuídos para os coidados recollidos no Estatuto das Persoas Traballadoras (ET), ademais da súa descrición como dereitos individuais e intransferibles da persoa traballadora.

A nosa análise, seguindo a liña de traballo internacional verbo dos coidados, e tras anos de progresos lexislativos en prol da igualdade (en concreto, en materia de conciliación e corresponsabilidade), é que esas regulamentacións resultan aínda insuficientes; por iso decidimos chamar á acción a través dos plans de igualdade e coa proposta dun **pacto integral e estatal de coidados** que xira arredor desa iniciativa internacional dun novo modelo de reconstrución da organización social dos coidados desde o postulado «as persoas por riba dos beneficios».

Porque, xa que o eixe fundamental da división sexual do traballo é o coidado, a igualdade non será posible sen un cambio profundo neste senso.

A nosa aposta sindical defende a reconstrución da economía dos coidados desde a óptica da organización social destes.

Traballamos na compilación de medidas específicas e transversais que abordan o cambio cara a un sistema económico-social non centrado no obsoleto modelo androcéntrico de «traballador ideal» (sen outras prioridades que a dedicación á empresa) e «coidadora natural do fogar» (sen importar que tamén realice traballos remunerados) porque é discriminatorio para as mulleres, pero tamén para todos os homes que asumen (ou desexan asumir) as súas responsabilidades familiares de maneira activa e corresponsable.

Así, a nosa proposta de pacto amplía ao diálogo social o compromiso de CCOO nas negociacións coas empresas, coa finalidade de conseguir maior presenza das mulleres en igualdade de condicións no mercado laboral, especialmente en postos directivos, comités de dirección e tamén nos secto-

res masculinizados, ao tempo que formaliza e «naturaliza» a corresponsabilidade dos dereitos de conciliación establecidos regulamentariamente.

Esta proposta asenta na convicción de que os coidados (tanto os produtivos coma os reprodutivos) abarcan todas as actividades esenciais para satisfacer as nosas necesidades básicas de existencia. Sen eles, a economía non funcionaría e a sociedade non se sostaría (como se demostrou durante a pandemia). Ademais, denuncia a súa feminización artificial: as mulleres representan unha porcentaxe elevadísima cando falamos do traballo remunerado dos coidados, pero tamén son a gran maioría (en comparación cos homes) en cargar co traballo non pagado dos coidados do fogar e da familia.

O pacto refire as eivas atopadas no avance da corresponsabilidade e a eliminación da fenda de xénero nos coidados: uns servizos públicos inadecuados ou escasos, pobres na provisión de servizos de coidado universais e accesibles; a división sexual do traballo promovedora da «dobre xornada», etc.

As nosas propostas xiran arredor dos seguintes eixes:

Educación en igualdade

Extensión universal da educación

Asistencia extraescolar e ocio infantil

Pleno desenvolvemento da lei de dependencia e mellora do sistema para a autonomía e a atención á dependencia.

Regulación da economía de plataformas no sector dos coidados.

Ademais, sabemos que non se trata dunha problemática galega ou estatal, senón global. En todo o mundo, a actual organización social dos coidados é inxusta, desigual e, en definitiva, insostible (baseada na explotación das mulleres, en especial das migrantes e, polo tanto, máis vulnerables e susceptibles de sufriren abusos).

Desde o concepto da corresponsabilidade social, avogamos por que as responsabilidades de coidado se distribúan entre as persoas, as empresas e as Administracións públicas e deixen de feminizarse e precarizarse, en especial cando estas se profesionalizan.

Esta proposta asenta no principio básico que é o dereito humano a coidar e a ser coidado ou coidada e, como sindicato social, feminista e de clase, avogamos por que se faga a través do traballo decente, remunerado adecuadamente e con dereitos e protección sindical apropiados.

As medidas que propón o pacto insisten na necesidade de que as Administracións públicas fornezan coidados como bens sociais e públicos de primeira necesidade, facendo fincapé na corresponsabilidade social necesaria para dismantelar un sistema en crise, que se sostén na discriminación de xénero. Esas medidas pretenden convertese na achega definitiva para reconstruír a organización social dos coidados e corrixir a actual crise mediante o recoñecemento do seu valor social e económico e a profesionalización do sector (incluídos salarios decentes e a protección da saúde e seguridade nas condicións de traballo), pasando pola redución da carga do traballo doméstico e de coidados non remunerado que soportan as mulleres, así como pola redistribución, a través da corresponsabilidade, dos coidados, tanto no seo dos fogares como a través das Administracións, as empresas, a sociedade... eliminando a división sexual do traballo que os definen actualmente.

En definitiva, reclamamos a natureza pública dos servizos de coidados, instando os Gobernos (autonómico e estatal) a restableceren o seu deber e principal responsabilidade como provedores deses servizos de coidados (esiximos máis investimento público nos sistemas de coidados) para, finalmente, acadar a transformación das relacións de xénero e, por conseguinte, as vidas das mulleres.

Os nosos esforzos encamiñanse, tanto no Diálogo Social como nas mesas de negociación (e desde a nosa palestra como sindicato máis representativo do sector) a exercer presión para promover o cambio institucional necesario e a súa implementación transversal.

En definitiva, a nosa acción sindical reivindica o imprescindible que resulta poñer os coidados no centro.

Este 23 de Marzo:

Un ano máis, as CCOO reivindicamos unha distribución equitativa dos coidados e dos empregos!

Un ano máis, loitamos pola reorganización social dos coidados desde a corresponsabilidade!

Un ano máis, avogamos pola construción de novos modelos de relacións entre mulleres e homes!

Un ano máis, insistimos na necesidade de reordenar os usos dos espazos e dos tempos!

Nin vidas parciais nin traballos parciais!

O poder das mulleres

Poder que transforma